



Concello de Xove

Xestor de Expedientes. Expediente núm.: 7/2024
Procedemento: CONVOCATORIA E CONCESIÓN DE PREMIOS DO CONCURSO DE ELABORACIÓN DE CARETAS DE ENTROIDO 2024
Documento asinado por: O TÉCNICO MUNICIPAL DE CULTURA

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DO PREMIOS DO CONCURSO DE CARETAS DE ANTROIDO PARA O EXERCICIO DE 2024

O Concello de Xove, consonte ao previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e no que sexa de aplicación, os RD 887/2006, de 21 de xullo e Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, e ao obxecto de incentivar a participación cidadá nos actos programados para o Entroido de 2024, establece as normas reguladoras da participación e dos premios que se outorgarán aos participantes, de acordo coas seguintes bases:

PRIMEIRA.- DEFINICIÓN DO OBXECTO

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para o outorgamento dos premios do concurso de confección de caretas de antroido organizado polo Concello de Xove.

SEGUNDA.- REQUISITOS DOS PARTICIPANTES

Poderá participar no concurso e ser beneficiario destes premios calquer/a neno/a ou rapaz/rapaza empadroad/a no Concello de Xove en idade escolar (desde preescolar ata 4º de ESO).

A documentación a presentar será a seguinte:

-Ficha de inscrición establecida ao efecto

A ficha de inscrición deberá presentarse, xunto coa careta ou caretas a concursar, na Biblioteca Municipal, con data límite 2 de febreiro de 2024.

TERCEIRA.- NORMAS DE ELABORACIÓN DAS CARETAS

As caretas deberán estar relacionadas con motivos de entroido.

Realizaranse en cartulina, folio ou calquera outro material que se axeite ao tamaño de un folio.

A técnica a empregar será libre: debuxo a lápis, rotuladores, ceras, collage, etc. Non se admitirán caretas prefabricadas que só requiran colorearse.

Con este Concurso, dende o Concello preténdese estimular a creatividade dos nosos/as nenos/as e rapaces/as; neste sentido, os/as





Concello de Xove

inscritos/as no Concurso poderán participar cunha ou varias caretas no mesmo.

CUARTA.- COMPOSICIÓN DO XURADO

O xurado estará composto polo menos por tres membros, seleccionados pola organización do concurso de entre os representantes das asociacións culturais, deportivas ou de outra índole, que consten inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e maila bibliotecaria municipal.

Actuará como Secretario do Xurado o Técnico Municipal de Cultura e Comunicación do Concello, con voz e sen voto.

QUINTA.- CRÉDITO ORZAMENTARIO

A contía máxima destinada aos presentes premios é de 525 euros (partida 334.481 do Estado de Gastos do Orzamento Municipal de 2023 prorrogado para 2024).

SEXTA.- PREMIOS

Haberá cinco categorías: Preescolar (nenos/as de 3, 4 e 5 anos); 1º e 2º de Primaria; 3º e 4º de Primaria; 5º e 6º de primaria e 1º a 4º de ESO. En cada unha destas categorías haberá tres premios, un primeiro, un segundo e un terceiro premio. Ningún participante poderá optar a máis dun premio, aínda cando tivese presentado máis de unha careta.

Os premios consistirán en lotes de material escolar cunha valoración de 35,00 euros. O xurado poderá deixar deserto calquera dos premios, se así o considera oportuno. Neste caso, a contía total destinada aos premios poderá repartirse en partes iguais entre os gañadores.

De acordo co RD 439/2007, de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas, non están suxeitos a retención ningún dos anteriores premios.

SÉTIMA.- PROCEDIMENTO DE ENTREGA DE PREMIOS

Unha vez rematado o prazo de entrega de caretas, o xurado reunirse e levantará acta na que consten os premiados por orde decrecente e por categorías.

Sobre a acta do xurado, emitirase informe-proposta polo Técnico Municipal de Cultura, que se elevará ao Alcalde-Presidente, órgano competente para a concesión dos premios.

Pola súa consideración de premio en especie, o establecemento ou establecementos comerciais nos que se adquiren os lotes de material escolar, deberá emitir factura a nome do beneficiario do premio ou do seu titor legal. Non obstante dita factura será abonada polo Concello.





Concello de Xove

OITAVA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A presentación da ficha de inscrición supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nestas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/99, de 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estruturadamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

NOVENA.- INFORMACIÓN AOS BENEFICIARIOS DOS PREMIOS

Con carácter xeral, os premios están incluídos no ámbito de aplicación da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, polo que o Concello de Xove é un órgano obrigado a facilitar información da concesión dos presentes premios á Base de Datos Nacional de Subvencións. Igualmente, con carácter xeral, non obstante o establecido na Base Quinta (non existe obriga de practicar retención por ser inferiores a 300,00 euros), os premios están suxeitos ao IRPF segundo o establecido no artigo 75.2 do RD 439/2007, de 30 de marzo, sendo a Axencia Estatal da Administración Tributaria un dos órganos cesionarios dos datos rexistrados na Base de Datos Nacional de Subvencións en virtude da colaboración coa Administración Tributaria que establece o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro.

Non obstante, e de acordo co establecido no artigo 4 do RD 130/2019, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións de demais axudas públicas, non será obrigado subministrar por parte do Concello información das resolucións de concesión dos premios nin do pago dos mesmos sempre e cando o importe anual outorgado a un mesmo beneficiario non supere a contía total de 100,00 euros.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

